

Materia	EDUCACIÓN MUSICAL		
Curso / Ciclo	4º PRIMARIA		
Profesor/a	ISABEL FERNÁNDEZ HERMIDA		

CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)	
<u>1ª avaliación</u> Cancións. Figuras musicais e silencios: redonda, branca, negra e corchea. A altura e a duración dos sons. Familias de instrumentos. Interpretación con instrumentos de láminas. Interpretación con frauta doce: sol-la-si-do'-re'. A música tradicional en Galicia. Danzas. Audición activa de música clásica. Musicogramas. Cancións relacionadas co Nadal. Os compases. Percusión corporal e pequena percusión. As voces. Xogos musicais. <u>2ª avaliación</u> Cancións. Os signos de repetición. O tempo musical. As agrupacións vocais. Preparación dunha melodía. Dramatizacións. Os instrumentos na música folk galega. Grupos tradicionais e grupos folk. Frauta doce: mi-fa-sol-la-si-do'-re'. Danzas. Audicións clásicas activas. Musicogramas. O matiz. As corcheas e as semicorcheas. A orquestra sinfónica. Pequenas agrupacións. Xogos musicais.	<u>3ª avaliación</u> Cancións. Os signos de prolongación. Partituras non convencionais. A música e os espectáculos. A danza na zarzuela. Instrumentos de teclas. Rimas e trabalinguas. Frauta doce: re-mi-fa. Cancións-xogo. Danzas. Audicións clásicas activas. Musicogramas. Cancións en inglés. A anacruse. Análise dunha partitura. Composición dunha pequena canción. Xogos rítmicos con percusión corporal. Instrumentos electrófonos. Obradoiro de instrumentos. Xogos musicais.
OBXECTIVOS	
- Cantar sen forzar a voz seguindo a gravación e as indicacións do profesor/a. - Coñecer as figuras musicais.	

- Traballar os signos de prolongación e de repetición.
- Coñecer diferentes instrumentos musicais e as súas familias correspondentes.
- Traballar a técnica e a interpretación da frauta doce, instrumentos de láminas e pequena percusión.
- Posibilitar a vivencia e interiorización do ritmo.
- escoitar a audición seguindo o musicograma.
- Discriminar velocidades e intensidades.
- escoitar activamente diferentes pezas de música clásica.
- Participar en danzas sinxelas apropiadas a súa idade

METODOLOXÍA

Cada sesión de taballo se dividirá basicamente en tres momentos ou fases, sempre que sexa posible:

- Motivación: apartado breve que sirva para estimular aos alumnos.
- Desenrolo: actividades curtas, dinámicas e variadas.
- Final: actividades que resulten especialmente gratificantes, como unha canción, danza, xogo musical...

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Levarase a cabo a avaliación de forma lúdica, a través de xogos musicais, cancións, danzas, dramatizacións..., mediante observación directa.

CRITERIOS:

- Entoar afinadamente.
- Recoñecer as figuras e silencios.
- Recoñecer os diferentes instrumentos traballados no curso e as súas familias.
- Recoñecer velocidades e intensidades nunha audición.
- Recoñecer instrumentos que participan nunha audición.
- Captar as ideas esenciais de interpretación grupal nas cancións e nas pezas instrumentais.
- Participar con entusiasmo nas actividades colectivas.
- Recoñecer melodías pertencentes a obras clásicas importantes.
- Interpretar con corrección as pezas de frauta traballadas durante o curso.